



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos convocatoria selección dunha praza de Técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, do grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión no Concello de Laxe.

Núm. Admvo. Expte: 2020/X999/000064

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000179

O día 15/02/2021 foron publicadas no BOP as bases e convocatoria do proceso selectivo para cubrir con persoal funcionario interino por acumulación de tarefas unha praza de técnico de xestión, do Grupo A, subgrupo A2, escala de Administración Xeral, subescala de xestión, no Concello de Laxe e creación dunha lista de reserva. As ditas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 54/2021, de data 09/02/2021.

Por Resolución de Alcaldía núm. 112/2021, de 10/03/2021 aprobouse a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, concedendo un prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte o da publicación desta listaxe para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión; publicándose na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios municipal.

Rematado con data do 15/03/2021 o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de admitidos e excluídos para participar neste proceso selectivo,

esta Alcaldía en virtude das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar, de acordo coa base 6ª da convocatoria do proceso selectivo para cubrir con persoal funcionario interino por acumulación de tarefas unha praza de técnico de xestión, do Grupo A, subgrupo A2, escala de Administración Xeral, subescala de xestión, no Concello de Laxe e creación dunha lista de reserva, a lista definitiva de aspirantes admitidos (anexo I) e excluídos (anexo II) á mencionada convocatoria.

Como anexo III inclúese a listaxe de aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego xunto coa instancia de solicitude, segundo o establecido na base quinta das bases de selección.

SEGUNDO. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base 7ª que estará composto polos membros seguintes:

Presidenta: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello

Suplente: Marta Vázquez Garea, secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños

Vogais:

Alejandra D. Fandiño Sánchez, secretaria-interventora do Concello de Sobrado

Rosa Mª Buján Ordoñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis

Julio Torreira López, animador deportivo deste concello

Suplente Mª Dolores Antelo Collazo, coordinadora dos Servizos Sociais deste concello

José Antonio Esmoris Gómez, bibliotecario-arquiveiro deste concello

Suplente: Mª Dolores Porteiro Rodríguez, técnica de intervención familiar deste concello

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Secretaria: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.

Suplente: Ivanna Vidal Domínguez, técnico de xestión do Concello de Vimianzo

TERCEIRO. Fixar inicialmente en 6 as sesións a efectos retributivos dos membros/as do tribunal cualificador.

CUARTO. Convocar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do mesmo e aos efectos de cualificación dos méritos da fase de concurso para o día 7 de abril de 2021, ás 9.30 h.

QUINTO. Convocar aos membros do tribunal para o 20 de abril de 2021, ás 9.30 h para a preparación do primeiro exercicio da fase de oposición (exercicio tipo test) no Salón de Plenos da Casa Consistorial da Concello de Laxe, e convocar aos aspirantes admitidos, en chamamento único, para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (exercicio tipo test) o mesmo día, o 20/04/2021, ás 12.00 h no Pavillón Polideportivo Municipal, sito na Avda. Isidro Parga Pondal, núm. 37, en Laxe.

MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SEGURIDADE de actual situación sanitaria:

Tendo en conta as recomendacións das autoridades sanitarias fronte á COVID-19, adóptanse as seguintes medidas preventivas para protexer a saúde de todas as persoas implicadas no proceso selectivo e evitar o contaxio e a propagación da Covid-19:

- Os/as aspirantes convocados deberán acudir ao chamamento na explanada exterior do pavillón polideportivo municipal sen acompañantes, salvo casos de forza maior e necesidade acreditada.
- O chamamento producirase na explanada exterior, debendo as/os aspirantes convocadas/os gardar entre eles a distancia de seguridade ata o momento de chamamento para entrar no recinto de exame.
- As/os aspirantes deberán vir provistas/os obrigatoriamente de mascarilla quirúrxica ou equivalente (fpp2 homologada). No control de acceso, os membros do Tribunal quedan habilitados para solicitar a substitución dunha mascarilla non quirúrxica, facilitando unha municipal á/ao opositora/or. A negativa de uso obrigatorio de mascarilla ou de substitución da mesma pola mascarilla quirúrxica facilitada, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como Non presentada/o.
- As/os aspirantes deberán vir provistos do seu propio bolígrafo azul e demais material de escritura que consideren necesario.
- As/os aspirantes deberán facer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e á saída do exame.
- Pola excepcional situación sanitaria, considerarase causa de forza maior a inasistencia ao chamamento por situación de illamento preventivo determinado polo SERGAS, corentena por PCR positivo e calquera outra análoga. Deberase acreditar tal circunstancia, con carácter previo e documentalmente vía e-mail á Secretaría (correo@laxe.es), rexistro de entrada ou sede electrónica. O Tribunal analizará cada unha das situacións, a fin de determinar a procedencia dun novo chamamento posterior para estes casos.
- Tras a finalización do exame, as/os aspirantes abandonaran o recinto de exame segundo se lles vaia ordenando a saída, debendo abandonar as instalacións municipais e evitando en todo momento, aglomeracións de persoas que non respecten as distancias de seguridade interpersonal.
- O Tribunal reservarase a adopción de medidas complementarias de control no acceso, como lectura de temperatura ás/aos aspirantes, non permitindo o acceso daquelas/es que presenten temperatura superior aos 37,5.º e calquera outra que se considere procedente segundo as instrucións sanitarias do momento, contando se fora preciso co asesoramento do servizo de prevención.

SEXTO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Laxe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o 1º tenente de alcalde (delegación por ausencia, Resolución de Alcaldía núm. 142/2021, de 22/03/2021), do que eu como secretaria dou fe.

O 1º tenente de alcalde, delegación por ausencia
(Resolución de Alcaldía núm. 142/2021, de 22/03/2021)

Asdo. Francisco Charlin Oróns

A secretaria

Asdo. Begoña Carrasco García

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es**ANEXO I: ASPIRANTES ADMITIDOS PROCESO SELECTIVO TÉCNICO DE XESTIÓN (PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS).**

Nº	NOME	DNI
1	NOELIA AGROMARTÍN VÁZQUEZ	***446***
2	RAQUEL ARMESTO LÓPEZ	***814***
3	ALEJANDRA BALADO ALVES	***120***
4	NOEMI BRAÑA SEIJO	***737***
5	DANIEL CANCELA AMIGO	***609***
6	IVON CARRODEGUAS RODRIGUEZ	***029***
7	LAURA CASTIÑEIRA VILARIÑO	***336***
8	ALBA DEL RIO VIDAL	***874***
9	SONIA DIEGUEZ RODRÍGUEZ	***556***
10	Mª BELÉN FERNÁNDEZ SÁNCHEZ	***056***
11	MIGUEL GÓMEZ IGLESIAS	***493***
12	MARÍA DEL CARMEN LOPEZ SOUTO	***566***
13	BERTA LORENZO PAZOS	***288***
14	LUCAS MEDA HERBOJO	***856***
15	INÉS MERA RICO	***999***
16	MARGARITA MITRAN LOPEZ	***189***
17	DAVID MÚÑOZ FERNÁNDEZ	***503***
18	ESTEBAN NAYA CAGIAO	***969***
19	MÓNICA OSINDE VÁZQUEZ	***069***
20	JOSE FRANCISCO PALLAS FERNANDEZ	***176***
21	MARIA DEL PILAR RAMA NUÑEZ	***157***
22	SILVIA MARÍA PINAL SEOANE	***566***
23	IRIA PONTE REIRIZ	***171***
24	MARÍA JOSE RIVEIRO MARTÍNEZ	***654***
25	DANIEL RODRIGUEZ CANCELA	***052***
26	ALBERTO RUIZ VALENCIA	***083***
27	ANA SANGIAO ALCALDE	***069***
28	PLÁCIDA SIEIRA MARTÍNEZ	***308***
29	JUAN ANDRÉS SIEIRA PÉREZ	***589***
30	JESÚS MANUEL SOTO VIVERO	***173***
31	IGNACIO SUÁREZ EXPOSITO	***854***
32	CARMEN MARÍA VIDAL ÁLVAREZ	***236***
33	NEREA ANA VILAS GONZALEZ	***001***

ANEXO II: ASPIRANTES EXCLUÍDOS PROCESO SELECTIVO TÉCNICO DE XESTIÓN (PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS).

Nº	NOME	DNI	MOTIVO
1	CLAUDIA ALONSO BLANCO	***181***	1
2	ESTEFANÍA ANTON LOIS	***654***	1
3	MARÍA ROSA ANTUÑA CARBALLE	***850***	4
4	NOELIA GESTAL RODRIGUEZ	***028***	1
5	PABLO RIBAO FERNANDEZ	***491***	1
6	MANUEL ROSAL RODRÍGUEZ	***121***	1,2,3,4
7	ROSALÍA SEIJAS TUÑAS	***907***	4

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Causas de exclusión:

- 1.- Non achega ou asina a solicitude conforme ó modelo que figura no anexo II, dentro do prazo establecido.
- 2.- Non achega copia do DNI.
- 3.- Non achega copia do título académico esixido.
- 4.- Non achega índice que exprese de forma ordenada a documentación presentada.

ANEXO III: ASPIRANTES PROCESO SELECTIVO TÉCNICO DE XESTIÓN (PERSONAL FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS) QUE NON ACREDITAN O COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

Nº	NOME	DNI	MOTIVO
1	NOELIA AGROMARTÍN VÁZQUEZ	***446***	2
2	MANUEL ROSAL RODRÍGUEZ	***121***	1
3	ALBERTO RUIZ VALENCIA	***083***	1

Motivo:

- 1- Non achega documento xustificativo de estar en posesión do título de Celga 4 ou equivalente
- 2- Presentar documento xustificativo de estar en posesión do título de Celga 4 fóra de prazo.